

Juan Picos Martín, en calidade de Secretario da Comisión Ambiental da Escola de Enxeñaría Forestal ,

Expón:

Que a Comisión Ambiental na súa reunión de data 15/7/2016 acordou propor as seguintes actividades a desenvolver dentro da iniciativa Green Campus desenvolvida pola Vicerreitoría de Campus de Pontevedra:

- Primeiro: Continuar a actividade de creación e posta de **Caixas Niño** deseñadas e fabricadas no Taller de Madeiras da EEF.
- Segundo: Crear un plano das **árbores do campus** e deseñar, fabricar e ubicar carteís divulgativos dos mesmos. Estes traballos pódense desenvolver no gabinete técnico da EEF (o que atinxe ao plano) e no taller de madeiras da EEF (o que atinxe ao s carteís)
- Terceiro: dentro do eixo de relación ca contorna e educación ambiental propónse a celebración dunha **Xornada Escolar sobre Medio Ambiente Natural** dirixida a escolares (aínda que non pechada a este colectivo) na que no salón da EEF profesores da mesma podan impartir unha breve charla ou desenvolver alguna actividade relacionada con Espazos Protexidos de Galicia, Especies Protexidas e Prevención de Incendios Forestais. A actividade pode ser complementada ca participación dos asistentes nunha visita ao campus e algún outro tipo de actividade.
- Cuarto: Mellora da Mobilidade mediante a cesión/compra de a lo menos **unha bicicleta de uso compartido por centro**
- Quinto: Creación dun pequeno **Horto Urbán** dirixido a membros da comunidade universitaria. Suxírese a parcela anexa a Ciencias da Educación e do deporte (ver croquis anexo). Esta actividade pódese complementar cun Obradoiro de Cultivo.

En Pontevedra a 15 de Xullo de 2016

Juan Picos

